

O Camiño de Santiago en Santa Locaia de Frixe.



De Lires a Frixe:

Remontando a pequena ría de Lires, na que invernan aves zancudas e anátidas, desde a igrexa barroca de Santo Estevo atrávesase, costa arriba, o núcleo de Lires (varios cabazos e casas de turismo rural). De aquí descéndese ao val do río Castro, onde se non hai enchenta podemos salvar o río Vaosilveiro, e por unha estreita pista entre eucaliptos subiremos ata o monte da Pedra Furada, deixando á dereita esta parroquia románica de Santa Locaia de Frixe..

De haber enchenta, moitos peregrinos optan por salvar o caudal na Ponte Nova. Para tal fin continúan río arriba por unha pista asfaltada que pasa por Porcar e chega ata a capela de Santa Lucía, que pertence por estar da banda sur do río, á parroquia de Lires. Atravesando a ponte que lle dá nome ó lugar, chegan igualmente ao punto no que estamos, a igrexa de Santa Locaia.

De Frixe a Morquintán:

Sempre en liña recta, crúzase a carretera a Touriñán, que pasa preto de Loalo, por Guisamonde e ao pé dun cruceiro con fonte, éntrase en Morquintán, que conta con outra igrexa románica rural adicada á Virxe. Un desvío moi aconsellable é o do solitario e impresionante cabo Touriñán, co seu faro e panorámicas sobre o bravío litoral. Nas súas inmediacións están os templos románicos de San Martiño de Touriñán e de San Cristovo de Nemiña. A calzada real que unía Fisterra e Muxía, de Morquintán pasa a Vilela.

Igrexa de Santa Locaia de Frixe.

A igrexa de Santa Locaia de Frixe está relacionada cos edificios románicos veciños máis significativos, e a súa porta pode ser situada no horizonte cronolóxico de primeiros do século XIII, o que coincide estilisticamente co resto do templo, de cara o 1200.



Nave, ábside e sacristía

Santa Locaia de Frixe é un templo de capela rectangular e nave única, a primeira cúbrese con bóveda de cañón e a segunda cun teito de madeira a dúas augas. Os muros da ábside son de bos sillares de granito, mentras que os da nave se recobren con argamasa de cemento.

Polo exterior, a ábside érguese sobre un pequeno retallo, agochado no lado norte debido ó adosamento da sacristía. No testeiro ábrese unha estreita fiestra de medio punto sostido por dúas columniñas lisas.



Porta románica, séc.XIII

Na fachada ábrese a única porta do edificio, que aínda conserva a súa primitiva disposición románica, cun par de arquivoltas de medio punto sobre catro columnas con fuste monolítico liso. As basas son de perfil ático e están semiagochadas polo actual nivel do pavimento do atrio. Os capiteis son vexetais. Arredor do tímpano dispónse de dúas arquivoltas semicirculares. Rodeando esta arquivolta aparece un arco de medio punto decorado cun labor de círculos entrelazados, motivo de escasa difusión no románico galego.



Fachada, século XIII: Imaxe de Santa Locaia

Sobre a porta hai un nicho con arco de medio punto no que se acubilla unha interesante imaxe en pedra de Santa Locaia. Viste túnica e manto, leva un libro pechado na man esquerda e a palma na dereita, atributo común a tódolos mártires. A esa altura dispónse dunha fiada de sillares nos que se gravou unha inscrición en dous rexistros, e a súa lectura resulta imposible a causa do seu deterioro. Sen embargo, pódense identificar algunhas palabras e números, como o do ano 1714, que para algúns autores se trata da data de reconstrución de parte do templo. Máis arriba atópase un óculo de mediano tamaño, tallado en dous bloques de pedra e coa súa aresta moldurada en bocel. Resulta difícil precisar a súa orixe, aínda que se pode descartar a súa factura románica. Como remate da fachada construíuse a espadaña, mencionada na placa do tímpano.



Na beira do tellado do lado sur do presbiterio consérvanse seis canzorriños: un sen decorar, os outros tres vexetais, cunha follia volta cara o fronte. Os restantes son figurados: nun un cuadrúpedo de cabeza antropomorfa e coa boca aberta ten as súas patas riba do can, e no último representa a outro cuadrúpedo en posición frontal.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
 Dirección Xeral de Patrimonio Cultural

RELACIÓN DE FISTERRA E MUXÍA E SANTIAGO CO CULTO XACOBEO (a través das lendas da Predicación, Traslación e Sepulcro.)

Desde que se deran novas do descubrimento entre 818 e 842 dos restos do Apóstolo Santiago no lugar que máis tarde sería Compostela e se organizaron as peregrinacións ata o seu sarcófago a través dos diferentes camiños (Lenda do Sepulcro), Muxía e Fisterra aparecen vinculadas á tradición xacobea nas lendas que falan respectivamente da presenza evangelizadora do Apóstolo no Noroeste peninsular (Lenda da Predicación) e na do traslado dos seus restos desde Xerusalén a Compostela (Lenda da Traslación).

Especialmente a Lenda da Predicación no caso de Muxía e a da Traslación no caso de Fisterra, teñen un enorme interese posto que se superpoñen dun xeito claro a importantes cultos litocráticos, de carácter panteístas, dos pobos precristianos, moi enraizados na zona. Nesta tarefa de cristianización tivo un papel fundamental o húngaro San Martiño Dumiense, que presidiu o Concilio de Braga e redactou o "De correctione rusticorum", obra dirixida contra ese tipo de cultos paganos. Moi motivado no seu labor de afirmación do cristianismo entre os pobos celtas, foi un grande organizador do monacato nesta parte de Galicia.

A partires do século XV, os santuarios de Fisterra, Muxía, que xa estaban vinculados cada un deles con Santiago de Compostela, quedaron conectados entre si e conseguiron grande popularidade entre os peregrinos que non puñan fin á peregrinación á tumba do Apóstolo en Compostela sen antes visitaren o Finisterre latino para rendiren culto ao Santo Cristo na igrexa de Santa María das Areas en Fisterra e ao da Nosa Señora da Barca en Muxía.

Dúas vellas cantigas populares, en parte recollidas por Castelao, reflicten esta conexión:

O que vai a Compostela
 Fai ou non fai romería
 Se chega ou non a Fisterra.

Veño da Virxe da Barca,
 Veño de abalar a pedra
 Tamén veño de vos ver
 Santo Cristo de Fisterra.

Hoxe o camiño de Fisterra e Muxía considérase un referente fundamental da ruta xacobea a Compostela por dereito propio.



Pia bautismal de pedra

Nesta freguesía sorprende a ausencia de cruceiro. Os veciños aseguran que antigamente había dous exemplares. O primeiro desapareceu fai moito, e máis recentemente o segundo sufriu un traslado no que a cruz acabou en dous anacos. Tamén desapareceu. Só queda ergueita a columna entre as casas, seguindo o camiño que pasa pola igrexa